1.- PLAN DE COOPERACIÓN.

A organización en rede e a cooperación costitúen un dos piares fundamentais da metodoloxía Leader, a través do cal se trata de compartir con outros territorios experiencias e resultados, intercambiar coñecementos e asociarse en proxectos comúns.

A relación con outros territorios, a definición de obxectivos e tarefas comúns, a transferencia de experiencias e coñecementos, o uso compartido de metodoloxías, o traballo en rede,… son algúns dos aspectos que propicia a cooperación entre Grupos de Acción Local. Aspectos intanxibles que teñen a súa culminación na realización de proxectos asumidos conxuntamente por todolos socios.

Máis aló dos límites comarcais, autonómicos e estatais, a cooperación abre fronteiras e opera a favor da innovación e da eficiencia facendo posible que os Grupos, unidos nun procecto compartido, aspiren a obxetivos máis ambiciosos. En certo sentido, a cooperación é a alma do método LEADER, o espazo común no queo os Programas Comarcais de Desenvolvemento Rural poñen a proba todas as súas potencialidades.

As posibilidades de cooperación con outros territorios rurais concrétanse en tres tipos:

- Cooperación interterritorial dentro da Comunidade Autónoma de Galiza, intrarexional..
- Cooperación interterritorial con territorios doutras Comunidades Autónomas do Estado Español.
- Cooperación transnacional, con territorios doutros estados membros da Unión Europea.

Para defini-lo plan de cooperación debe partirse dos obxectivos do Plan Comarcal, que son:

Participación social
Mellora-la calidade de vida da poboación comarcal a través da mellora de dotaciones, servizos, formación e información no medio rural.
Aportar iniciativas dirixidas a satisface-la crecente demanda de servizos a la tercera edad no medio rural e a outros colectivos menos favorecidos ou em situación de dependencia
Mellora-la formación do empresariado local
Mellora-las oportunidades de emprego e autoemprego das mulleres e os mozos.
Incentiva-la explotación sostible dos recursos, a realización de actividades económicas compatibles coa preservación do entorno e as empresas de recuperación ambiental e de residuos
Rehabilitar e recupera-lo patrimonio natural e cultural.
Recuperación e potenciación dos sinais de identidade de la Comarca
Incentiva-lo intercambio de experiencias e a cooperación entre empresas, minimizando a competencia interna.
Fomenta-las actividades que diversifiquen o tecido empresarial.
Impulsa-la creación de marcas de calidade vinculadas o territorio e ós seus produtos.
Impulsa-la transformadción e comercialización dos produtos da comarca.
Corrixi-lo impacto ambiental das actividades económicas

Dende o punto de vista temático, a valorización do patrimonio cultural, os productos locais e calidade de vida deben centrar a colaboración con outros territorios así como o turismo, medioambente e promoción do territorio.

Valorización do patrimonio cultural.

O obxectivo de esta proposta será a valoración do patrimonio cultural a través da cooperación, coa transferencia de outras experiencias, boas prácticas e promoción conxunta do patrimonio cultural, fundamentalmente arqueolóxico, e vinculado a cultura megalítica e castrexa, onde a comarca posue dos xacementos máis importantes de Galicia.

A cooperación neste tema pode ser tanto intrarexional, con outros grupos con xacementos relevantes neste sentido (GDR 26 e GDR 18), interterritorial, con grupos da cornisa cantábrica e resto do estado, e transnacional con grupos da Bretaña Francesa, Reino Unido e Irlanda.

Turismo e Promoción do territorio.

O obxectivo de esta proposta é establecer unha cooperación estable co GDR 26, coa finalidade de realizar proxectos conxuntos de promoción turistica e do territorio, xa que ambos conforman a denominación xeoturística e territorial "Costa da Morte", e ambos territorios definen á area de actuación do incipiente Consorcio de Turismo da Costa da Morte.

A cooperación neste tema debe incluir a asitencia a eventos de promoción e tamén a circulación da información para evitar proxectos duplicados, posibilitar a aparición de servicios turísticos complementarios que superen esta división territorial, e a incorporación de novas tecnoloxías.

Medio Ambiente.

O obxectivo de esta proposta e a participación (ou creación) dunha rede de cooperación na difusión dos valores ambientais do territorio e a súa potencialidade para a creación de actividade económica.

Asi se agarda cooperar nunha rede de birdwatcher, que permita o desenvolvemento de esta actividade no noso territorio e colaboración con outros grupos de Galicia, como o GDR 25, GDR 26 e GDR 31, cos obxectivos de crear unha oferta turística en relación a esta actividade, que conte coa colaboración de establecementos de estos tres territorios.

Neste tema temén se pode participar na rede "Desenvolvemento ornitolóxico en espacios naturais protexidos", onde participan grupos de Andalucía, Portugal e Francia. Coa nosa participación o proxecto pecharía o ruta migratoria de varias especies de aves.

1.1.- COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE GDR.

D./Dª. Evencio Ferrero Rodríguez con DNI nº: 76321421S
en calidade de Presidente
da entidade Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños
con CIF: G15801012

Declara

O compromiso de integrarse nunha rede de GDR a nivel galego, como unha aposta máis pola interrelación entre os distintos territorios rurais e entre as entidades que traballan nos procesos de desenvolvemento.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

En Buño, a 4 de decembro de 2008

Asdo.: Evencio Ferrero Rodríguez.